

## CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2018-2019

(Aprobado no C.G. do 20 de xullo de 2018)

- 1- O curso académico comprenderá do **sábado 1 de setembro de 2018** ao **sábado 31 de agosto de 2019**. O mes de agosto non será lectivo.
- 2- O **calendario de actividades académicas** é o marco temporal no que se desenvolve a planificación do conxunto das diversas actividades formativas, incluíndo as correspondentes probas de avaliación, nas titulacións que se imparten na Universidade. Ditas actividades comezarán e rematarán nas datas seguintes:

|                 | INICIO                      | REMATE                                                         |
|-----------------|-----------------------------|----------------------------------------------------------------|
| 1º CUADRIMESTRE | LUNS, 3 DE SETEMBRO DE 2018 | VENRES, 18 DE XANEIRO DE 2019<br>(86 DÍAS HÁBILES, 18 SEMANAS) |
| 2º CUADRIMESTRE | LUNS, 21 DE XANEIRO DE 2018 | VENRES, 31 DE MAIO DE 2019<br>(86 DÍAS HÁBILES, 18 SEMANAS)    |

As ensinanzas universitarias oficiais de Grao e Máster axustadas ao RD 1393/2007, modificadas polo RD 861/2010, están medidas en créditos europeos ECTS. Tal como establece o RD 1125/2003, os planos de estudo terán 60 créditos ECTS por curso académico, cada un dos cales suporá na Universidade de Vigo 25 horas de traballo para un estudante dedicado a cursar a tempo completo estudos universitarios durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico, distribuídas equitativamente en 2 cuatrimestres. En cumprimento do indicado polo artigo 13 do Decreto 68/2018, do 21 de xuño (DOG do 5 de xullo), **a data de inicio das actividades académicas de docencia fíxase no luns 10 de setembro de 2018**, aínda que dende o luns día 3 podan desenvolverse outras actividades académicas que 9corresponderá determinar e organizar aos centros.

- 3- A data de inicio da actividade académica para cada **título de grao** será determinada en cada caso polo Centro de adscrición. Nas titulacións de Máster, as datas de inicio da actividade académica e de fin de cuatrimestre serán determinadas en cada caso pola correspondente Comisión Académica. **En ambos casos, as datas deberán ser comunicadas á Secretaría Xeral e o período de entrega de actas non se verá modificado.**
- 4- A docencia interromperase dende o sábado, día 22 de decembro de 2018, ata o luns día 7 de xaneiro de 2019 (ambos os dous incluídos), o luns día 4 de marzo e o martes día 5 de marzo, e dende o luns día 15 de abril ao sábado día 20 de abril de 2019 (ambos os dous incluídos).
- 5- **Terá carácter festivo o luns 28 de xaneiro de 2019**, celebración do día de Santo Tomé de Aquino, patrón da Universidade. Posuirán o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os días das festas locais.
- 6- Así mesmo, en cada centro terá carácter festivo a data da súa festa propia. Todas as que non coincidan en luns ou venres, pasaranse a eses días.

### Relación de festas propias dos centros da Universidade de Vigo

|                                                                                                                                   |                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E DO ESPAZO                                                                                       | 23/09/2018, domingo  |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN                                                                                           | 29/09/2017, sábado   |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL                                                                                                      | 04/10/2018, xoves    |
| FACULTADES DE BIOLOXÍA, CIENCIAS DO MAR, QUÍMICA E CIENCIAS                                                                       | 15/11/2018, xoves    |
| E.U. DE MAXISTERIO "MARÍA SEDES SAPIENTIAE"                                                                                       | 27/11/2018, martes   |
| ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE MINAS                                                                                     | 04/12/2018, martes   |
| FACULTADES DE DEREITO E DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (DEREITO)                                                             | 07/01/2019, luns     |
| ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA                                                                                          | 25/02/2019, luns     |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL                                                                                                    | 19/03/2019, martes   |
| FACULTADES DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS. | 05/04/2019, venres   |
| FACULTADES DE HISTORIA, FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN, CIENCIAS DA EDUCACIÓN E CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE                        | 26/04/2019, venres   |
| FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN                                                                                   | 29/04/2019, luns     |
| FAC. CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO (RELACIÓNS LABORAIS)                                                                             | 01/05/2019, mércores |
| FACULTADE DE BELAS ARTES                                                                                                          | 03/05/2019, venres   |
| ESCOLAS DE ENFERMERÍA                                                                                                             | 12/05/2019, domingo  |

7- Os períodos de rexistro na aplicación informática das **cualificacións nas actas** e da súa entrega serán os seguintes:

| Período docente ou convocatoria | Inicio                                    | Remate                         |
|---------------------------------|-------------------------------------------|--------------------------------|
| 1º CUADRIMESTRE                 | GRAO: LUNS 10 DE DECEMBRO DE 2018         | VENRES, 1 DE FEBREIRO DE 2019  |
|                                 | MESTRADO: MÉRCORES 19 DE DECEMBRO DE 2018 |                                |
| 2º CUADRIMESTRE                 | LUNS, 8 DE ABRIL DE 2019                  | VENRES, 7 DE XUÑO DE 2019      |
| XULLO                           | LUNS, 19 DE XUÑO DE 2019                  | MARTES, 16 DE XULLO DE 2019    |
| FIN DE CARREIRA                 | LUNS, 3 DE SETEMBRO DE 2018               | XOVES, 15 DE NOVIEMBRE DE 2018 |

8- As datas finais para a entrega das actas dos TRABALLOS DE FIN DE GRAO e MÁSTER serán:

|                 |                                 |
|-----------------|---------------------------------|
| 1º CUADRIMESTRE | VENRES, 22 DE FEBREIRO DE 2019  |
| 2º CUADRIMESTRE | VENRES, 21 DE XUÑO DE 2019      |
| XULLO           | MARTES, 26 DE XULLO DE 2019     |
| FIN DE CARREIRA | VENRES, 23 DE NOVIEMBRE DE 2018 |

9- Nas guías docentes deberá figurar a metodoloxía e procedemento detallado para a avaliación das materias, e nelas deberá recollese a data, e, se procede, hora e lugar de realización das probas de avaliación. Tamén deberán especificar o medio empregado para a súa publicación oficial, así como as modificacións que, de xeito xustificadas, se puideran producir. Na fixación das datas das probas de avaliación da convocatoria extraordinaria de xullo procurarase poñer en primeiro lugar as materias do primeiro cuadrimestre.

10- As datas para a realización das **probas de avaliación da convocatoria “de fin de carreira” serán acordadas polos respectivos centros dende o día 3 de setembro** debéndose respectar, en todo caso, o período de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega establecidas no apartado 8, sen que se suspendan o resto das actividades docentes.